

materia

Lingua Francesa IV

unidade didáctica **1**

Aproximación á oración en francés

Nuria Rodríguez Pedreira

Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana
Facultade de Filoloxía



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



unidade didáctica 1

Aproximación á oración en francés

Nuria Rodríguez Pedreira
Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana
Facultade de Filoloxía



Copyright © Universidade de Santiago de Compostela, 2012

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 1134-2012

ISBN 978-84-9887-882-0

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: LINGUA FRANCESA IV

TITULACIÓN: Grao en Linguas e Literaturas Modernas (Francés)

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Aproximación á oración en francés

1. O concepto de «gramática» vs. «gramáticas»
2. Tipoloxía das gramáticas
3. Distinción entre morfoloxía e sintaxe
4. A definición da oración en francés
 - 4.1. Definición lóxico-semántica (tradicional)
 - 4.2. Definición sintáctica (estrutural)
 - 4.3. Definición pragmática (enunciativa)
 - 4.4. Argumentos para unha definición ecléctica
5. Distinción entre oración, enunciado e proposición

Unidade II. A oración complexa

1. A oración simple e a oración complexa
2. O concepto de coordinación, subordinación e xustaposición
 - 2.1. A parataxe e a hipotaxe
3. A relación sintáctica de subordinación: repaso das gramáticas
4. As subordinadas circunstanciais
 - 4.1. Definición das subordinadas circunstancias
 - 4.2. Clasificación das subordinadas circunstancias

Unidade III. As subordinadas circunstanciais I

1. As subordinadas temporais
 - 1.1. Características sintácticas xerais
 - 1.2. Tipoloxía das subordinadas temporais
2. As subordinadas concesivas
 - 2.1. Características sintácticas xerais
 - 2.2. Tipoloxía das subordinadas concesivas
 - 2.2.1. As subordinadas de oposición
 - 2.2.2. As subordinadas propiamente concesivas

Unidade IV. As subordinadas circunstanciais II

1. As subordinadas causais
 - 1.1. Características sintácticas xerais
 - 1.2. Tipoloxía das subordinadas causais
2. As subordinadas finais
 - 2.1. Características sintácticas xerais
 - 2.2. Tipoloxía das subordinadas finais

[branca / ou segue o programa xeral do curso]

ÍNDICE

Presentación	6
Xustificación	7
Obxectivos	7
1. Obxectivos xerais da materia	7
2. Obxectivos específicos da UD.....	8
Metodoloxía	9
1. Temporalización e distribución dos créditos ECTS	9
Contidos básicos	10
1. O concepto de «gramática» vs. «gramáticas»	11
1.1. A noción de gramática	11
1.2. O termo «gramáticas».....	11
2. Tipoloxía das gramáticas	11
3. Distinción entre morfoloxía e sintaxe.....	12
4. A definición da oración en francés	13
4.1. Definición lóxica-semántica. Gramática tradicional.....	14
4.2. Definición sintáctica. Gramática estrutural	15
4.3. Definición pragmática. Gramática enunciativa	15
4.4. Argumentos para unha definición ecléctica.....	15
5. Distinción entre oración, enunciado e proposición	16
Actividades propostas	18
1. Actividades de aula.....	18
2. Actividades fóra da aula	19
Avaliación da unidade didáctica	20
1. Avaliación inicial	20
2. Avaliación procesual.....	20
3. Avaliación final.....	21
Anexos	
Anexo 1. Exercicios de aplicación	22
Anexo 2. Glosario de termos específicos	24
Bibliografía	25

PRESENTACIÓN

Dentro da materia *Lingua Francesa IV*, a presente unidade didáctica pretende introducir conceptos gramaticais básicos para lograr a correcta aprendizaxe dos contidos que se van impartir nas UD 2, 3 e 4. Nesta primeira UD fórmulanse problemas comúns derivados de nocións que resultan equívocas para os estudantes. É o caso do propio termo «gramática» que non significa o mesmo se se concibe en sentido amplo ou en sentido estrito. O mesmo se falamos de «gramática» vs. «gramáticas», de «morfosintaxe» entendida como unha única disciplina ou coma dúas disciplinas que hai que tratar separadamente, pese a que os mecanismos sintácticos poidan estar estreitamente vinculados cos propiamente morfolóxicos. Pero o principal problema reside no concepto de «oración». Este último adoita xerar moita confusión tanto nos locutores en xeral, e polo tanto, non especialistas, coma nos estudantes en particular e non só en estudantes de carreiras técnicas, que poderíamos considerar profanos en cuestións de sintaxe da lingua, senón tamén naqueles que cursan estudos específicos de linguas e literaturas ou de linguas e literaturas estranxeiras¹. En base a estas lagoas, esta UD busca a correcta delimitación da «oración», que tende a ser confundida coa «proposición» e co «enunciado», seguindo así as teorías da gramática tradicional. Esta ambigüidade tamén ven dada pola mestura de criterios na descrición da oración, ou polo contrario pola intervención dun único criterio –formal, semántico, sintáctico ou pragmático– na súa definición. Tendo en conta a pluralidade de enfoques e correntes de investigación xurdidos nas últimas décadas, consideramos axeitado facilitarlles ós estudantes unha visión menos reducionista da oración, sen menoscabo do lugar que ocupa cada disciplina lingüística. Intentaremos polo tanto aplicar criterios obxectivos acordes cunha visión actual do tema, con tendencia a un eclectismo razoado sen descartar as achegas previas da gramática tradicional. Polo tanto, seguindo co desenvolvemento da UD, daremos unha descrición dos conceptos de morfoloxía, sintaxe e morfosintaxe, pero centraremos a atención na distinción entre oración e proposición, que os estudantes non logran discernir, dado que se trata dunha confusión orixinada pola lóxica retórica, que persiste nas gramáticas escolares do s. XX. Aínda que pedagoxicamente pode resultar útil o seu uso para facilitar a diferenza entre a oración simple e a oración complexa, gramaticalmente trátase dunha noción ambigua, que non obedece a criterios sintácticos e polo tanto inútil para a correcta aprehensión dos contidos lingüísticos obxecto de estudo. Saber definir a oración dende un punto de vista crítico, tendo en conta as distintas perspectivas de análises e correntes teóricas, constitúe o punto de partida para que os estudantes poidan comprender estas diferenzas, fundamentais en francés, entre «oración» e «proposición» e «oración» (plano sintáctico) e «enunciado» (plano pragmático). A toma de conciencia desta problemática é a que levará ó alumnado a discriminar unha oración

¹ Observacións baseadas en enquisas elaboradas por estudantes de 3º curso de Licenciatura en Filoloxía Francesa durante o curso 2009/2010.

dentro dun texto, a distinguir a oración simple da oración complexa e a identificar un enunciado sen confundilo coa oración, que é o obxectivo que se pretende na presente UD. Trátase paralelamente de fomentar o espírito crítico dos estudantes reflexionando sobre contidos gramaticais adquiridos en base a conceptos teóricos de corte tradicional, dos que lles custa desprenderse, ó mesmo tempo que descubren de que a gramática non só son normas inamovibles senón que se pode reflexionar sobre cuestións de sintaxe e chegar a conclusións imparciais e argumentadas.

XUSTIFICACIÓN

A adquisición dos contidos teóricos da UD 1 é un requisito previo para unha correcta aprehensión dos contidos das unidades seguintes (UD 2, UD 3 e UD 4) por parte dos estudantes. A presente unidade fai un breve repaso dos aspectos básicos introducidos na materia *Lingua Francesa 3* e afonda sobre nocións gramaticais e diferenciacións lingüísticas útiles no só para a aprendizaxe da materia senón tamén para materias sucesivas, tales como *Gramática Francesa 1*, *Gramática Francesa 2* e *Gramática Francesa 3*. Trátase en suma de abordar a oración dende unha perspectiva máis ampla, atendendo ás distintas correntes teóricas, e de poder reflexionar sobre a problemática que presentan as múltiples definicións do termo (máis de 300 en francés). Polo tanto, os contidos da UD 1 permitiránlle ós estudantes abordar as UD 2, 3 e 4 con sentido crítico e construtivo.

OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais da materia

- Introducir ós estudantes no estudio teórico e práctico da sintaxe do francés.
- Dar a coñecer o funcionamento das relacións sintácticas do francés.
- Establecer relacións entre a coordinación, a subordinación e a «correlación» na sintaxe do francés (aspectos que serán abordados na UD 2).
- Proporcionar unha visión de conxunto da oración simple e complexa en francés.
- Abordar as distintas teorías sobre a definición da oración en francés, que permitan un acercamento ás correntes de investigación máis axeitadas.
- Introducir a terminoloxía gramatical relevante con respecto á oración e ás relacións sintácticas.
- Presentar as subordinadas circunstanciais do francés e familiarizarse coa súa sintaxe.
- Abordar a problemática da clasificación tradicional das subordinadas circunstanciais do francés.
- Aplicar os coñecementos teóricos gramaticais adquiridos a través de actividades de avaliación e/ou autoavaliación.

- Dar a coñecer os manuais de gramática básicos e específicos para a adquisición dos contidos da materia e a realización de traballos conxuntos.
- Dar pautas básicas para o uso das TIC no desenvolvemento da materia e na presentación expositiva de traballos en equipo.
- Proporcionar normas de elaboración de glosarios e demais actividades en grupo referentes ás catro UD.
- Conseguir que os estudantes alcancen un nivel oral de francés B2 do CECR (Cadro Europeo Común de Referencia para as linguas), reforzando o ensino da materia a través de clases prácticas nas que se afonda na expresión oral e escrita.
- Incitar á reflexión e ó intercambio de opinións sobre as cuestións de sintaxe tratadas nas catro UD: grao de adecuación dos conceptos gramaticais, posicións teóricas máis adaptadas ós contidos que se pretenden ensinar, interrelación das nocións introducidas na materia coas distintas disciplinas lingüísticas, etc.

2. Obxectivos específicos da UD

Ó rematar a UD o estudante será capaz de:

- Distinguir e describir axeitadamente os conceptos gramaticais presentados.
- Clasificar as gramáticas segundo as distintas correntes de investigación: tradicionais, estruturais, funcionais, textuais...
- Diferenciar e relacionar a *Morfoloxía*, *Sintaxe*, *Semántica* e *Pragmática* como base previa ó estudo da oración (UD1 e 2) e da sintaxe das subordinadas circunstanciais abordadas nas UD 3 e 4.
- Afondar nas múltiples definicións da oración en francés e reflexionar sobre os criterios lingüísticos utilizados na descrición –formais, morfolóxicos, semánticos, sintácticos ou pragmáticos-.
- Relacionar as definicións da oración en francés con determinadas correntes de investigación, tales coma a tradicional, a estrutural, a enunciativa, etc.
- Reflexionar sobre a definición máis axeitada da oración en francés, atendendo ós criterios especificados na clase e a argumentos racionais e obxectivos. Neste senso, ¿Existe un único criterio válido e universal para definir a oración?
- Especificar de forma razoada as diferenzas e elementos comúns (se os houberse) existentes entre a «proposición», a «oración» e o «enunciado». Neste senso, cómpre subliñar que os estudantes deben discernir que a «proposición» pertence ó plano lóxico-semántico, a «oración» ó nivel sintáctico e o «enunciado» á dimensión pragmática. Por exemplo, *¡que calor!* ¿É unha oración ou trátase dun enunciado?; ¿En base a que criterios?

METODOLOXÍA

Os contidos da UD serán explicados na clase durante as sesións teóricas. A profesora intentará presentar ditos contidos da forma máis amena e axeitada posible (con sínteses, esquemas, cadros sinópticos, diapositivas, etc.) para que tódolos estudantes poidan seguir e entender as explicacións dadas en función do seu nivel de coñecementos. Poñerase especial énfase nos termos que requiren maior nivel de comprensión, maior esforzo cognitivo na aprendizaxe, garantindo así unha progresión metodolóxica no desenvolvemento desta UD e das UD seguintes. Como a aprendizaxe de conceptos novos ou de teorías descoñecidas ou mesmo de contidos máis esixentes é lenta e progresiva, os estudantes terán a posibilidade de facer exercicios prácticos, en autonomía ou en equipo, consultar dúbidas que tratarán de seren respondidas colexiadamente, reflexionar en conxunto sobre conceptos ambiguos (coa profesora exercendo de mediadora), e avaliar o nivel de coñecementos adquiridos mediante o uso das TIC – exercicios en liña con verificación de resposta, enlaces a arquivos PDF, etc.- O conxunto de actividades prácticas levarase a cabo nas horas de seminario, durante as cales tamén se poderán consultar gramáticas ou obras de referencia básicas se a situación o require, ou debater sobre aspectos equívocos das lecturas recomendadas, ou verificar o seu nivel de comprensión. A profesora estará presente para orientar ós alumnos nestas sesións prácticas e proporcionarlles as pautas necesarias para que poidan adestrarse na aplicación das nocións estudadas mediante a elaboración de actividades que esixen unha reflexión para a súa consecución. Nesta mesma liña tamén se desenvolverán as sesións de seminario dedicadas á práctica do francés oral, previa lectura dun capítulo correspondente á novela que cómpre estudar, no seu caso, cuxa referencia aparece na guía docente da materia. Tales sesións, así como as correspondentes ás de verificación de coñecementos, servirán para afianzar a lingua oral e fomentar a interacción entre os estudantes, establecendo lazos de unión durante a elaboración das actividades en equipo, o diálogo e a procura de espazos que garantan estes obxectivos (aulas de seminario, mesas redondas, aulas de informática, etc.).

1. Temporalización e distribución dos créditos ECTS

O desenvolvemento da UD terá unha duración presencial de 15 horas, á que lle corresponden 23 horas de traballo non presencial, sumando un total de 38 horas de actividades de formación para os estudantes. Haberá cinco sesións expositivas presenciais (1 hora por sesión), nove sesións interactivas ou de seminario (1 hora por sesión) e unha sesión de avaliación inicial (1 hora), que se reflicten na seguinte táboa:

Táboa 1. Distribución de créditos ECTS²

² Esta UD non contempla titorías dirixidas ata a UD2 e UD seguintes, xa que pensamos que o alumnado debe adaptarse primeiro tanto ó docente coma ó desenvolvemento da materia,

ACTIVIDADES	Horas presenciais	Horas non presenciais	Horas totais
Expositivas	5 horas	10 horas	15 horas
Interactivas (seminario)	9 horas	13 horas	22 horas
Avaliación	1 hora	0	1 hora
TOTAL	15 horas	23 horas	38 horas

Ademais da guía docente que servirá de elemento orientador para un correcto seguimento da UD1 e das UD seguintes, as sesións expositivas ou lección maxistral faranse na medida do posible a través dos medios audiovisuais dispoñibles (presentación con diapositivas), para facilitarles ós estudantes unha síntese do que se está a expoñer na clase. Durante as sesións interactivas non presenciais, o alumnado deberá realizar as lecturas, exercicios ou actividades propostas polo docente para a súa posta en común nas sesións de seminario presenciais. É indispensable que os estudantes saiban manexar a plataforma virtual, que será de gran axuda para a realización de exercicios gramaticais (tanto en liña como en arquivos PDF), de actividades de autoavaliación, de memorización e síntese dos contidos (glosarios, cadros sinópticos) ou de calquera outra actividade programada. O uso da plataforma permite unha comunicación fluída entre docente e estudantes (correo virtual, foros de discusión...), a corrección áxil e rápida das tarefas (de ser o caso), sen limitacións temporais e espaciais, ademais de servir de taboleiro de anuncios para imprevistos ou recados urxentes relacionados coa UD. Os estudantes deberán empregar esta plataforma para poder descargar os contidos vistos na clase, visualizar semanalmente o calendario no que se expoñen os contidos que se van desenvolver durante as sesións presenciais e utilizar o foro de debate para consultar dúbidas que serán resoltas colectivamente (polos compañeiros ou compañeiras) ou individualmente polo docente.

CONTIDOS BÁSICOS

Presentaremos neste apartado un breve resumo dos contidos básicos da UD, na que se expoñen as nocións que se van a introducir durante o desenvolvemento da mesma. Como xa explicamos anteriormente, a maioría dos conceptos están fixados pola gramática tradicional e non se adecúan ás teorías actuais nin ás variantes da lingua oral. Intentaremos dar pautas de reflexión para buscar entre todas definicións obxectivas, inequívocas dos termos problemáticos, diferenciando sempre as distintas disciplinas lingüísticas, malia que de cando en vez a mestura de criterios sexa absolutamente necesaria para completar as descricións. Cómpre aclarar que os contidos aquí expostos son un esbozo representativo dos temas que se van tratar nas sesións expositivas, polo que de ningún xeito substitúen ás clases de carácter presencial, nin ó temario individual elaborado polos

coñecer a metodoloxía empregada, e adquirir uns contidos básicos para poder debater, suxerir ou formular dúbidas sobre aspectos varios da UD.

estudantes, nin ás referencias de lectura obrigatoria ou complementaria propostas polo docente.

1. O concepto de «gramática» vs. «gramáticas»

1.1. A noción de gramática

Na súa acepción máis común, a «gramática» (do latín *grammatica*) é o estudo das regras e principios que regulan o uso correcto da lingua oral e escrita. Trátase dunha definición restritiva que converte á gramática nunha especie de código normativo que sinala cómo se debe falar ou escribir. Imos descartar esta definición e centrarnos noutras descrições máis axeitadas para o noso propósito. A noción de «gramática» (francesa) ten outras dúas acepcións:

- Nun senso amplo, a gramática é o estudo teórico e práctico dunha lingua, é dicir, o estudo fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico desa lingua, que coincide practicamente cos catro niveis de estudo da lingua: fonético-fonolóxico, sintáctico-morfolóxico, léxico-semántico e pragmático.
- Nun senso máis estrito, a gramática ocúpase da organización das palabras dentro da oración, das súas combinacións e das modificacións resultantes. Polo tanto restrínxese o seu estudo ó nivel sintáctico (funcións) e morfolóxico (formas). É unha parte do estudo xeral da lingüística.

Con todo, cómpre subliñar que a separación entre os niveis non é nítida e que existen criterios fonolóxicos ou semánticos que serven para decidir cando unha determinada construción é gramatical. Tamén se denomina gramática ó conxunto de regras que rexen o uso dunha linguaxe determinada; así, cada lingua ten a súa propia gramática. Para o francés, falaremos de «gramática francesa».

1.2. O termo «gramáticas»

O concepto de «gramática» é un termo ambiguo, xa que pode referirse, en xeral, ó estudo dunha lingua, ó estudo da lingüística, ós contidos (gramaticais) das distintas escolas ou teorías lingüísticas, e finalmente ós manuais gramaticais que describen eses contidos lingüísticos. Estas dúas últimas acepcións son as que fan referencia ó termo «gramáticas». En efecto, dende o desenvolvemento recente das ciencias da linguaxe, son moitos os modelos teóricos que aplican as súas premisas ó estudo do francés, tal e como aparece reflectido no epígrafe seguinte.

2. Tipoloxía das gramáticas

Entre os principais tipos de gramática ou enfoques no estudo da gramática cómpre mencionar:

- A *gramática prescritiva* ou *normativa* é a que presenta normas de uso para unha linguaxe específica, seguindo as pautas establecidas da lingua estándar. Desaconséllanse polo tanto as construcións non estandarizadas, consideradas de grupos socioeconómicos baixos. Trátase dunha gramática que herda os conceptos da gramática tradicional. Por conseguinte, incluímos neste apartado a *gramática tradicional* porque é a base na que se inspiran os conceptos descritivos da gramática normativa. Trátase dun tipo de gramática inspirada do latín, cuxo modelo aplícase durante unha meirande parte do século XX. Porén, aínda que é unha gramática pedagóxica deixou de ter influencia na lingüística moderna polo seu carácter marcadamente prescritivo.
- A *gramática descritiva* describe o uso actual dunha lingua, é dicir, que fai un estudo sincrónico desa lingua. A gramática descritiva moderna intenta corrixir os erros da gramática tradicional, xeneralizando as regras para evitar circunscribir a lingua ó modelo do latín.

A lingüística moderna propón varios modelos teóricos para intentar explicar o funcionamento real da lingua:

- A *gramática estrutural (funcional ou distribucional)* que insiste no significativo fonético, no proceso de segmentación da oración, na función da comunicación da lingua, na morfosintaxe (sintagmas, cláusulas, oracións) e na necesidade de abandonar o concepto de norma. A organización da linguaxe natural contempla un conxunto de regras que se poden aplicar a calquera lingua e un conxunto de enunciados en interacción nun contexto de comunicación.
- A *gramática xenerativa* presenta un enfoque formal para o estudo sintáctico das linguas. Describe o conxunto de regras que permiten xerar oracións aceptables ou expresións ben construídas dunha lingua natural.
- A *gramática formal* aparece en lingüística computacional. Esta gramática é a que define a sintaxe de cada linguaxe de programación.
- A *gramática comparada* fai un estudo comparativo das linguas que posúen unha orixe común.
- A *gramática histórica* describe a evolución dunha lingua, os seus cambios, dende a orixe ata a actualidade. Trátase polo tanto dun estudo diacrónico desa lingua.

3. Distinción entre morfoloxía e sintaxe

A *morfoloxía* (do grego *μορφή*- [*morf*]: forma, + *λογία*' [*loxía*]: tratado), é a rama da lingüística que estuda a estrutura interna das palabras, tanto dende o punto de vista da súa variación de xénero, persoa, número, caso...(morfoloxía flexiva) como da prefixación e sufixación (morfoloxía derivativa), da composición e da formación de novas palabras (morfoloxía léxica). A gramática escolar, moi influenciada polo latín e o grego, que son linguas con declinación, sempre privilexiou o estudo da morfoloxía deixando de lado a sintaxe. Facíase fincapé na forma das palabras e por extensión no estudo da palabra: nas partes do discurso (nome, artigo, verbo...), na variación en xénero, número e persoa, deixando de lado os aspectos sintácticos relacionados coa segmentación da oración. Para a gramática tradicional hai polo tanto dúas seccións diferenciadas: morfoloxía e sintaxe.

ENFOQUE DA GRAMÁTICA TRADICIONAL

☞ A *morfoloxía* describe a estrutura interna das palabras e o seu proceso de formación mentres que a *sintaxe* explica a combinación de palabras para formar sintagmas, frases e oracións.

Coa aparición das modernas teorías lingüísticas, a sintaxe pasou a un primeiro plano, aínda que o lugar que ocupan estas dúas disciplinas segue sendo polémico. Para o estruturalismo Bloomfieldiano, a morfoloxía é esencial, mentres que para os xenerativistas (Chomsky) é a sintaxe a que ocupa un lugar central, ignorando a morfoloxía como disciplina independente. Se para algúns autores a morfoloxía restrínxese só ó proceso de formación de palabras, o certo é que certos procesos lingüísticos non parecen explicarse de forma autónoma sen a sintaxe, polo que o seu estudo recae na chamada *morfosintaxe*.

4. A definición da oración en francés


Os criterios para a definición da oración son varios. De feito, non existe unanimidade para a súa delimitación en base a criterios obxectivos universalmente recoñecidos. En consecuencia, abundan na actualidade máis de trescentas definicións da oración. Imos repasar os principais aspectos que se toman en conta para a súa definición:

- Criterio fonolóxico. Dende o punto de vista da entoación, a oración está delimitada por dúas pausas (unha ó comezo e outra ó final). Dende o punto de vista gráfico, a oración comeza con maiúscula e conclúe con comas ou puntos.
- Compoñente semántico. A oración obedece a criterios semánticos, é dicir, que toda oración debe posuír un sentido completo.

- Punto de vista sintáctico. A oración posúe unha estrutura básica na que os principais constituíntes son o suxeito e o predicado.
- Acto discursivo. A oración é unha unidade do discurso no que se dan fenómenos de actualización (acto de enunciación particular), de modalización (afirmativo, interrogativo...) e de predicación. Dende o punto de vista da comunicación, a oración é a unidade fónica mínima capaz de transmitir unha mensaxe a un receptor particular.

Cómpre recoñecer que ningún destes criterios é suficiente por si só, xa que a oración leva implícitos na súa definición varios destes aspectos. Malia esta observación, cada teoría lingüística manexa o seu propio criterio para a delimitación da oración, algúns máis axeitados ca outros en función da complexidade dos seus enfoques. É necesario, polo tanto, distinguir o nivel de coñecemento dos estudantes para que o docente poida introducir a definición máis apropiada para o grado de comprensión dos alumnos e seguir afondando nesta problemática en cursos superiores. Abondará con presentar as definicións máis comúns, segundo as escolas lingüísticas, para chegar a unha definición consensuada ó finalizar a UD. Presentamos no seguinte diagrama os criterios comunmente empregados na definición da oración:

Criterios xerais para unha definición da oración



4.1. Definición lóxico-semántica. Gramática tradicional

Unha definición tradicional é: «A oración é a palabra ou conxunto de palabras que ten sentido completo». Trátase dunha definición baseada na lóxica aristotélica que é recollida polas principais gramáticas francesas (Wagner et Pinchon (1962), Chevalier et al. (1964), Mauger (1968), Deloffre (1975), Grevisse (1993), etc.). Dende a perspectiva semántica, a oración

transmite unha mensaxe coherente, con sentido, ou sexa, non precisa nada máis para ser interpretada. Pero é unha definición non válida porque é difícil determinar qué se entende por sentido completo. Aínda que trata de reflectir o feito de que a oración comunica unha idea completa, é algo impreciso xa que logo poderíamos considerar como oracións elementos mínimos que rozan a agramaticalidade: *chtt!* (silencio), *pstt!* (veñan por aquí).

4.2. Definición sintáctica. Gramática estrutural

Dende o punto de vista sintáctico, a oración ten unha estrutura sintagmática. É ademais autónoma. Isto significa que a oración non está incluída dentro doutra unidade gramatical. A súa estrutura básica corresponde á fórmula: P[*phrase* [oración]]= SN[sintagma nominal] + SV[sintagma verbal]. Tamén é importante sinalar que toda oración posúe un verbo conxugado. Pódese dicir que a oración é o constituínte sintáctico máis pequeno, capaz de expresar enunciados ou contidos dunha proposición lóxica, que inclúa algún tipo de predicación. É a definición sintáctica correspondente *grosso modo* ás gramáticas estruturais (Dubois, J. (1969), Dubois-Lagane (1973), Gary-Prieur (1985), Le Goffic (1993), Le Querler (1994), Riegel et al. (1994), Maingueneau (1994), Denis et Sancier-Chateau (1994), etc.). Pero non hai que confundir a oración coa proposición (ou frase). Ás veces pode haber coincidencia cando unha proposición ou frase está formada por unha única oración (denominada en francés «*phrase simple*»): *Marie a acheté des fleurs* (P→ SN (*Marie*) + SV (*a acheté des fleurs*)). Pero non é o caso da oración complexa constituída por varias proposicións.

4.3. Definición pragmática. Gramática enunciativa

Para o lingüista Guillaume, a oración é «unha unidade do discurso». A palabra é o universal mentres que a oración, inserida nun discurso, representa o particular. Trátase dun acto de enunciación que se actualiza mediante un enunciado, en función do contexto espacio-temporal e a identidade do locutor. A oración pragmaticamente é a unidade de comunicación máis pequena do discurso, pola que un locutor transmite unha mensaxe (ou idea completa) a un receptor, e que posúe independencia. Segundo esta definición, serían oracións as expresións seguintes: *Quel beau paysage! Sortez! Fichtre ! Merci pour le café.*

☞ Pero na nosa óptica, estes exemplos son *enunciados* e non oracións dende a perspectiva sintáctica.

4.4. Argumentos para unha definición ecléctica

Ningunha definición por si soa, considerada illadamente, resulta completa, ó noso modo de ver, para describir a oración. Necesitamos un compendio de ideas recollidas dos distintos enfoques para lograr a mellor descrición posible do termo que pretendemos definir. Mais tampouco buscamos unha definición que sexa unha compilación dos aportes teóricos presentados neste epígrafe. Tendo en conta a natureza da materia na que está incluída a UD (que é lingüística e particularmente gramatical), o enfoque que pretendemos darlle á definición da oración é especificamente sintáctico, sen descartar a perspectiva semántica nin outros puntos de vista secundarios, que completan razoablemente e obxectivamente a delimitación sintáctica. Como se trata dunha introdución ou dunha aproximación á oración en francés, pretendemos unha delimitación ecléctica pero sinxela. Por iso, trátase de auñar modelos gramaticais da sintaxe moderna, facilmente comprensibles para os estudantes, sen caer malia todo en definicións simplistas. Polo tanto é importante subliñar que unha oración posúe autonomía sintáctica: non depende do punto de vista gramatical de ningunha outra unidade. Son oracións as seguintes: a) *Nous vous communiquerons tous les détails nécessaires à la constitution du dossier.* b) *Viens et regarde.* c) *Après plusieurs jours passés à la campagne, il est venu nous rejoindre dans le chalet que nous avaient prêté mes parents.*

ⓘ Atención! Dende unha perspectiva estritamente sintáctica e segundo as gramáticas modernas, se non hai verbo conxugado a un modo persoal, non se pode falar de «oración», aínda que non existe unanimidade en torno a esta problemática.

Segundo os criterios anteriormente citados, a definición que nos parece máis acorde coas nosas observacións é a de Denis et Sancier-Chateau (1994: 420):

Unité linguistique constituée par un ensemble structuré d'éléments sémantiquement compatibles, syntaxiquement ordonnés autour d'un verbe, véhiculant une proposition douée de sens et dotée d'une unité mélodique. (...) Les éléments qui la composent doivent en effet occuper une fonction, assumée autour d'un pivot verbal.

Esta é a definición que servirá de base para o desenvolvemento da UD1 así como o das unidades seguintes.

5. Distinción entre oración, enunciado e proposición

Debe terse presente que tecnicamente os termos *enunciado*, *proposición* e *oración* non son sinónimos, xa que o primeiro refírese a aspectos pragmáticos, o segundo lóxicos e semánticos e o último puramente gramaticais.

A *proposición* é o contido lóxico-semántico dunha oración. É a unidade sintáctica constituída por un suxeito e un verbo. Esta definición provén da lóxica (<*propositio*) dos gramáticos de Port-Royal, que fixeron da proposición a expresión esencial dunha predicación, xa que a proposición expresa algo dun ser ou dun obxecto (*Le soleil brille. Cet enfant est intelligent*). Ás veces úsase o termo (en esp. *cláusula* ou *frase*) para designar un constituínte sintáctico con estrutura oracional, pero dependente sintacticamente doutra unidade maior carecendo de independencia semántica. Esta falta de autonomía é a principal diferenza respecto da oración, unidade completa e independente, xa que necesita relacionarse con outras proposicións dentro da oración principal.

A *oración* é a unidade sintáctica, segundo a definición vista no 4.4., que serve para expresar un determinado enunciado ou parte do mesmo.

O *enunciado* é unha entidade pragmática mínima suxeita a factores contextuais. Usualmente expresa o contido dunha determinada proposición, desexo, crenza, etc. Posto que un mesmo acto de fala pode enunciarse ou realizarse mediante oracións lixeiramente diferentes, non existe unha conexión necesaria entre un enunciado e unha oración que sirva para realizar devandito enunciado. As oracións son polo tanto realizacións dun enunciado, de xeito que a mesma oración pode representar enunciados diferentes, segundo se use literalmente ou ironicamente.

Ilustremos a continuación estas diferenzas:

a) Oracións que expresan unha proposición e un enunciado ó mesmo tempo:

- (1) *Pierre arrive en retard* (gal. *Pedro chega tarde*).
- (2) *Vous travaillez trop* (gal. *Traballas demasiado*).
- (3) *Je veux que tu partes* (gal. *Quero que marches*).

En (1) e (2) temos oracións simples cuxo contido semántico involucra unha soa proposición. En cambio, en (3) temos unha oración complexa (ou composta).

b) Secuencias que non son oracións pero expresan enunciados:

- (4) *Combien d'argent!* (gal. *Cantos cartos!*)
- (5) *Un thé!* (gal. *Un té!*)
- (6) *Qu'il est tôt!* (gal. *Que cedo!*)


Neste tres casos estamos ante secuencias sen verbo explícito (para a gramática tradicional serían oracións elípticas) dentro dun contexto determinado, é dicir, que somos capaces de recuperar o verbo e de interpretar correctamente a mensaxe (exemplo: Camareiro, póñame un té!).

c) Son proposicións pero sen ser oracións as seguintes:

- (7) ... *que tu partes* (gal. *que marches*).
 (8) ... *depuis qu'elle est au chômage* (gal. *dende que está no paro*).
 (9) ... *si tu insistes* (gal. *se insistes*).

Neste caso, temos fragmentos de suxeito e predicado pero sen sentido completo. Consecuentemente, non podemos consideralos como oracións.

O gráfico seguinte sintetiza as principais diferenzas entre o enunciado e a oración:



ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para un mellor aproveitamento e seguimento da UD1, os estudantes terán que realizar as tarefas encomendadas polo docente, lecturas, exercicios ou actividades doutra natureza. Ó mesmo tempo, deberán asiduamente facer uso da plataforma virtual da USC, na que se exporán as actividades (en liña ou en PDF) básicas e de reforzo, complementarias ás sesións expositivas, segundo as pautas indicadas polo docente. Propoñemos dous tipos de tarefas: as que se deben realizar na aula e as actividades a desenvolver fora da mesma.

1. Actividades de aula

- Tanto ó principio como ó finalizar a exposición da UD1 repartiranse *cuestionarios* sobre a verificación de coñecementos previos (na presentación da UD) e dos conceptos adquiridos ó longo das sesións teóricas e prácticas (ó remate da UD).
- Uso da sala de informática na que os estudantes intercambiarán os seus pareceres, ou dúbidas sobre conceptos problemáticos, ós que

intentarán responder os compañeiros/as utilizando o *foro de debate*. O docente actuará de mediador favorecendo a interacción cos estudantes.

- Uso da sala de informática para facer *exercicios en liña* ou calquera outra actividade relacionada cos contidos introducidos nas sesións expositivas.
- *Debate razoado e reflexivo* sobre calquera punto da UD que deba ser reforzado mediante a intervención conxunta dos estudantes e do docente.
- *Exposición sintetizada* dun aspecto ou dimensión tratados na UD por medio de recursos audiovisuais (presentación en PowerPoint), expoñendo con claridade e obxectividade a metodoloxía empregada, os problemas atopados e as conclusións ás que se chegaron. Este será un traballo en equipo.
- *Práctica da lingua oral* mediante o intercambio de resumos e sínteses de capítulos ou subcapítulos correspondentes á lectura obrigatoria dunha novela (que será indicada na guía docente).

2. Actividades fóra da aula

- *Exercicios de aplicación práctica* sobre os conceptos adquiridos nas sesións teóricas: de diferenciación, de asimilación, de respostas curtas, etc. Poderán ser distribuídos na aula ou subidos á plataforma virtual para ser descargados polos estudantes.
- Realización de *actividades e exercicios en liña* para reforzar os contidos adquiridos ó longo da aprendizaxe, así como para verificar o nivel de coñecemento dos estudantes.
- *Elaboración dun traballo conxunto* (en grupos de dous estudantes) sobre un tema concreto da UD. Neste proceso, os estudantes poñerán en práctica as súas destrezas investigadoras, o seu manexo na consulta da bibliografía proporcionada polo docente e o seu poder de síntese dos contidos atopados.
- *Elaboración de fichas lingüísticas* correspondentes á UD1 (*Tabú gramatical*) segundo ás orientacións proporcionadas pola docente. Esta actividade terá continuidade nas unidades restantes, co fin de conseguir un número significativo de fichas coas que poder aprender dunha forma lúdica e amena.
- Elaboración de *preguntas de exame* ou *exercicios tipo* por parte dos estudantes, que lles permitan facer a transferencia dos coñecementos adquiridos, poñéndose no rol da profesora.

Para o seguimento desta UD como das UD restantes, os alumnos deberán adquirir o manual de referencia: Denis, Delphine et Sancier-Chateau, Anne (1994): *Grammaire du français*. Paris, Librairie générale française, coll. «Le livre de Poche», que traerán á clase durante as sesións expositivas. As lecturas propostas para garantir unha mellor comprensión dos contidos son as seguintes:

☞ Arrivé, Michel et al. (1993): *La grammaire d'aujourd'hui. Guide alphabétique de linguistique française*. Paris: Flammarion. [Lectura das epígrafes sobre a oración, o enunciado e a proposición].

☞ Denis, Delphine et Anne Sancier-Chateau (1994): *Grammaire du Français*, Paris: Le Livre de Poche, pp. 416-422 et pp.50-52 de la préface.

☞ Mercier-Leca, Florence (2001): *Trente questions de grammaire française*. Paris: Nathan/Vuef, pp. 121 à 125.

☞ Tomassone, Roberte (2002) : *Pour enseigner la grammaire*, Paris: Delagrave, pp.108-109.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A modalidade de avaliación desta UD desenvolverase en tres fases:

1. Avaliación inicial

Ó inicio da UD, é dicir, durante a primeira sesión expositiva repartiranse cuestionarios con preguntas sobre os conceptos obxecto da UD, para seren respondidos brevemente polos estudantes. A profesora poderá así valorar o nivel de coñecemento inicial dos alumnos e contar cun punto de referencia importante para enfocar mellor a explicación dos contidos, estruturalos e reforzalos en función destes parámetros. Este proceso poderá levarse a cabo por escrito ou oralmente, favorecendo neste último caso a interacción docente-discente.

2. Avaliación procesual

Este proceso está garantido ó ser obxecto de avaliación a participación activa dos estudantes nas fases de elaboración e exposición das actividades propostas nos puntos 1 e 2. Trátase polo tanto dunha avaliación continua que terá lugar dentro da aula (nas sesións interactivas) e fóra da aula (uso dos recursos multimedia, plataforma virtual, foros, resolución de exercicios, grao de participación dos alumnos nas actividades propostas, etc.). Este tipo de avaliación estenderase ás demais UD, polo que as puntuacións obtidas polos alumnos nas actividades da UD1 serán sumadas ás probas resultantes das UD restantes. O seu valor porcentual sobre a puntuación global será do 50%.

Táboa 1. Aspectos e criterios da avaliación procesual

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
Asistencia e participación	Asistencia regular e participación activa nas actividades propostas	Observacións e notas da profesora	10%
Actividades individuais e colectivas (orais e escritas)	Corrección na súa realización en canto a contido, estrutura, orixinalidade e presentación	Valoración e puntuación outorgada pola docente	40%

3. Avaliación final

Haberá un exame final oficial fixado pola Secretaría da Facultade de Filoloxía para todo o alumnado. Esta proba será de carácter teórico-práctico e versará sobre os contidos da UD1 e os das unidades restantes. Serve de instrumento para valorar os conceptos adquiridos na UD1, a competencia na lingua oral (capacidade de síntese e produción de enunciados claros e coherentes en francés), a capacidade de reflexión crítica e a metodoloxía empregada na elaboración e consecución das actividades programadas ó longo do semestre. O seu valor porcentual sobre a puntuación global será do 50%.

Táboa 2. Aspectos e criterios da avaliación final

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
Exame final sobre os contidos da UD1 á UD4	Dominio dos contidos e das técnicas de expresión oral e escrita	Exame oral e escrito teórico e práctico	50%

No caso de que algún estudante non poida completar a entrega ou a elaboración dalgunha das tarefas encomendadas nesta UD, previa xustificación obxectiva e puntual, a docente poderá valorar o seu caso particular e suxerir, dentro das posibilidades temporais de desenvolvemento da UD e da dispoñibilidade da profesora, outra data de entrega da actividade non realizada ou outorgar un peso maior ó exame final.

Ademais de avaliar ós estudantes, as actividades de avaliación son un indicador de referencia como instrumento de valoración da propia actuación docente (adequación do programa ó nivel do curso, temporalidade apropiada, metodoloxía correcta, obxectivos adaptados ó nivel de aprendizaxe esixido, obxectivos acadados, etc.). As enquisas son tamén un instrumento eficaz de valoración do proceso de ensino-aprendizaxe, tanto no tocante á UD1 como ás unidades restantes. Serven para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos e emendar se é o caso os erros cometidos, tratando de axustar na medida do posible a programación docente.

ANEXOS

Anexo 1. Exercicios de aplicación

→ EXERCICIO 1

¿En que medida e baixo qué criterios poderíamos considerar as secuencias seguintes «oracións»?

- 1.- Aie!
- 2.- Je pars en vacances.
- 3.- Délicieux ce croissant!
- 4.- Fini le désordre!
- 5.- Et bien, l'abus de pouvoir en politique?
- 6.- Voici ta voiture!
- 7.- Le voleur a été poursuivi par l'agent de police.

→ EXERCICIO 2

¿Que podedes argumentar sobre as secuencias seguintes? ¿Cales son os criterios que determinan a súa (a)gramaticalidade ou aceptabilidade?

- 1.- Feuilles arbres bois racines plantes.
- 2.- Ce petit garçon est assez espiègle.
- 3.- Pierre joue du violon.
- 4.- Mon chat joue du violon.
- 5.- Ma lampe de chevet joue du violon.

→ EXERCICIO 3

Mesmo exercicio que o anterior. ¿Trátase de secuencias (a)gramaticais, aceptables ou non aceptables, apropiadas ou non apropiadas? Argumentade a vosa posición.

- 1.- La tempête s'est prolongée toute la nuit.
- 2.- Toute la nuit s'est la tempête prolongée.
- 3.- La nuit s'est prolongée toute la tempête.

✓ Resposta: A secuencia 1 é gramatical (punto de vista sintáctico) e intelixible (é dicir, aceptable dende o punto de vista semántico). A secuencia 2 é intelixible pero agramatical, e a secuencia 3 é intelixible pero gramatical. O habitual é construír secuencias gramaticais e intelixibles.

→ EXERCICIO 4

Identifícade as oracións incorrectas e clasifícadeas en función dos criterios que motivan a vosa argumentación.

- 1.- Ce piano est lourd.
- 2.- Il vient jamais à l'heure.
- 3.- Après que tu lui aies parlé, il a changé d'avis.

- 4.- Elle est allé au docteur ce matin.
- 5.- Nous dînerons ce soir de beaux et grands lions.
- 6.- Londres est la capitale de France.
- 7.- L'enfant conduit le camion.
- 8.- Moi ne rien écouter.
- 9.- Chat le toujours la souris poursuit.
- 10.- J'ai vu rien.

→ EXERCICIO 5

Resposta ás seguintes preguntas de xeito breve e razoado.

- 1.- Définissez *grammaire* et *grammaires*.
- 2.- Qu'est-ce que la *morphosyntaxe*?
- 3.- Quelles sont les critères de définition de la phrase?
- 4.- Comment sait-on combien de propositions il y a dans une phrase?
- 5.- Quels sont les critères de définition d'un énoncé?
- 6.- Y'a-t-il une contrainte syntaxique générale pour former une phrase?

→ EXERCICIO 6

Completa.

- 1.- Une phrase contient un verbe à l'infinitif.

Vrai Faux

- 2.- Une phrase a toujours un point d'exclamation.

Vrai Faux

- 3.- S'il n'y a pas de verbe conjugué dans une phrase, ce n'est pas une phrase.

Vrai Faux

- 4.- Une phrase est un type d'énoncé.

Vrai Faux

- 5.- Une phrase est une proposition.

Vrai Faux

- 6.- Il existe une définition universelle de la notion de phrase.

Vrai Faux

- 7.- La phrase doit être délimitée selon un seul critère.

Vrai Faux

8.- La morphosyntaxe est l'étude conjointe de la morphologie et de la syntaxe.

Vrai Faux

9.- Le terme «grammaire» est ambigu.

Vrai Faux

10.- La phrase doit avoir un sens complet.

Vrai Faux

→ EXERCICIO 7

Identifica adecuadamente as proposicións nas oracións seguintes.

1.- Je lave la voiture.

2.- Mon père est parti et je reste seul à la maison.

3.- Dans le car qui roule pour Paris, j'ai vu des enfants faire des grimaces.

4.- Sur le barrage, l'architecte a prévu de réaliser un énorme portrait.

Anexo 2. Glosario de termos específicos

Mémento grammatical :

- *Énoncé* : résultat concret d'un acte de parole individuel tenu par un énonciateur unique dans un contexte déterminé. Suite de mots ayant un sens et autonomes du point de vue sémantique et syntaxique. Il appartient au discours.
- *Grammaire* : dans son acception courante, la grammaire est comprise comme étant l'ensemble des règles à suivre pour parler et écrire correctement une langue (définition normative). Dans son acception restreinte, la grammaire s'occupe de la syntaxe (l'étude de l'agencement des phrases) et de la morphologie (étude des mots et des classes de mots). Par extension, on nomme aussi *grammaire* un manuel décrivant des règles grammaticales. Types de grammaires : traditionnelle, descriptive, structurelle, générative, comparée, historique, etc.
- *Morphologie* : en grammaire traditionnelle c'est l'étude des formes des mots (flexion et dérivation). En linguistique moderne, c'est la description des règles qui régissent la structure interne des mots et la description des formes diverses que prennent ces mots selon la catégorie de nombre, de genre...

- *Morphosyntaxe* : ensemble des règles d'utilisation des structures grammaticales permettant aux locuteurs d'une langue de comprendre le sens des phrases ou énoncés.
- *Phrase*: plusieurs définitions et plusieurs critères en jeu :
 - (a) Optique traditionnelle : Ensemble de mots organisés d'un point de vue logique et grammatical qui ont un sens complet (critère sémantique).
 - (b) Optique structurale : $P = SN+SV$ (critère syntaxique).
 - (c) Optique éclectique (notre point de vue) : « Unité linguistique constitué par un ensemble structuré d'éléments sémantiquement compatibles, syntaxiquement ordonnées autour d'un verbe, véhiculant une proposition douée de sens et dotée d'unités mélodiques. Les éléments qui la composent doivent occuper une fonction assumée autour d'un pivot verbal » (Denis et Sancier-Chateau, 1994 : 420).
- *Phrase simple* : unité ou groupement de mots avec prédication. C'est l'unité prédicative minimale. Présence d'un verbe conjugué.
- *Proposition* : selon la conception traditionnelle la proposition se compose d'un nombre minimal de termes dont l'agencement permet l'expression d'un jugement (critère logico-sémantique). Dès lors, l'analyse de la phrase en propositions permet de faire la distinction entre les phrases simples (ou propositions indépendantes) et les phrases complexes (qui contiennent plusieurs propositions), à quoi vient s'articuler la distinction traditionnelle entre proposition principale et proposition subordonnée.
- *Syntaxe* : partie de la grammaire qui décrit les règles par lesquelles on combine les unités grammaticales en phrases. Elle s'occupe des règles de construction créées par les unités supérieures au mot. La syntaxe part du mot et arrive à la phrase complexe, en passant par les unités intermédiaires (syntagme, proposition et phrase simple).

BIBLIOGRAFÍA

Lingüística

- DELAVEAU, Anne (2001): *Syntaxe. La phrase et la subordination*. Paris: Armand Colin.
- & Françoise KERLEROUX (1985): *Problèmes et exercices de syntaxe française*. Paris : Colin.
- GARY-PRIEUR, Marie-Noëlle (1985) : *De la grammaire à la linguistique : l'étude de la phrase*. Paris : Colin.
- (1999): *Les Termes-clés de la linguistique*. Paris : Seuil.
- NEVEU, François (2000) : *Lexique des notions linguistiques*. Paris : Nathan.

Gramáticas

- ARRIVÉ, Michel, Françoise GADET & Michel GALMICHE (1986): *La grammaire d'aujourd'hui. Guide alphabétique de linguistique française*. Paris: Flammarion.
- BÉGUELIN, Marie José (éd.) (2000) : *De la phrase aux énoncés : grammaire scolaire et descriptions linguistiques*. Bruxelles : De Boeck-Duculot.
- BESCHERELLE (1997a): *La conjugaison pour tous*. Paris: Hatier.
- (1997b): *La grammaire pour tous*. Paris: Hatier.
- BONNARD, Henri (1997) : *Grammaire française à l'usage de tous*. Paris : Magnard.
- CHEVALIER, Jean Claude, Claire BLANCHE-BENVENISTE, Michel ARRIVÉ & Jean PEYTARD (1964): *Grammaire Larousse du français contemporain*. Paris : Larousse.
- CREISSELS, Denis (2006): *Syntaxe générale. Une introduction typologique, 2- La phrase*. Paris : Hermes Science Publications.
- DENIS, Delphine & Anne SANCIER-CHÂTEAU (1994) *Grammaire du français*. Paris: Le Livre de Poche.
- DESALMAND, Paul & Pascale MARSON-ZYRO (2007) : *Grammaire bleue - La Grammaire française en 80 Leçons*. Paris : Armand colin.
- ELUERD, Roland (2002) : *Grammaire descriptive de la langue française*. Paris: Nathan Université.
- GARDES-TAMINE, Joëlle (1988) : *La grammaire*. Paris : Colin, 2 vols.
- GREVISSE, Maurice & André GOOSSE (1995) : *Nouvelle grammaire française*. Bruxelles : DeBoeck-Duculot, 3e éd.
- (2007): *Le bon usage. Grammaire française*, 14e éd. Paris-Gembloux: Duculot.
- HAMON, Albert (1999): *Analyse grammaticale et logique*. Paris: Hachette Éducation.
- LE GOFFIC, Pierre (1993): *Grammaire de la phrase française*. Paris : Hachette.
- LE QUERLER, Nicole (1994) : *Précis de syntaxe française*. Cæen : Les Presses Universitaires de Cæen.
- LESOT, Adeline (2010): *Bescherelle, l'essentiel*. Paris: Hatier.
- MAINGUENEAU, Dominique (1995) : *Syntaxe du français*. Paris : Hachette.
- POPIN, Jacques (1993) : *Précis de grammaire fonctionnelle du français* (t. 1- *Morphosyntaxe* ; t. 2- *Exercices et compléments*). Paris : Nathan.
- RIEGEL, Martin, Jean-Christophe PELLAT & René RIOUL (2004): *Grammaire méthodique du français*. Paris: PUF.
- TOMASSONE, Roberte (2002) : *Pour enseigner la grammaire*, Paris: Delagrave.

Manuais de exercicios

- CALAS, Frédéric & Nathalie ROSSI (2001) : *Questions de grammaire pour les concours*. Paris : Ellipses.
- MERCIER-LECA, Florence (1998) : *Trente questions de grammaire française. Exercices corrigés de grammaire*. Paris : Nathan Université.

MONNERET, Philippe (1999) : *Exercices de linguistique*. Paris : PUF.
— & René RIOUL (1999) : *Questions de syntaxe française*. Paris : PUF.

Citas de recursos en internet

- Synapse Développement. Recursos sobre a lingua e a gramática francesas (a consultar os conceptos de oración e proposición) http://www.synapse-fr.com/manuels/ATM_0.htm [citado 20 feb 2012]
- Recursos para a aprendizaxe do francés (conceptos teóricos e prácticos e exercicios en PDF): <http://www.ccdmd.qc.ca/fr> [citado 20 feb 2012]
- Centro colexiado de desenvolvemento de material didáctico (CCDMD). Recursos para a aprendizaxe do francés: <http://www.ccdmd.qc.ca/carrefour/index.html> [citado 20 feb 2012]
- Sitio de referencia sobre o estudo da sintaxe do francés (Eddie Saintot): <http://palf.free.fr/esaintot/exercices/phrases.htm> [citado 20 feb 2012]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

